

Para, contra a violencia, recuperarmos a lingua
25 de novembro, Día da Non-Violencia contra as Mulleres



Dunha muller fanada

Xavier Seoane

Dálle paz ao meu corpo
porque veñen tempos
de lenta
e carniceira
extremaunción.

A podremia invade o ollo,
o cancro roe as alfombras
e a almofada fumea no alcatrán do remorso.

Estamos sós
fronte ao altar da conciencia
e a casa da memoria.

Quen é esa muller golpeada
na porta do escaparate dos soños?

Parte para outro mundo
e, sen nostalxia,
dime adeus cos seus ollos de bolboreta morta.